



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR
DE INFESTA
2 DE OUTUBRO DE 2014

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación da acta anterior**
- 2.- **Orzamentos participativos 2014**
- 3.- **Información do saneamento de Fixón**
- 4.- **Información da obra no Galleiro**
- 5.- **Rogos e preguntas**

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo as vinte horas, do día dous de outubro de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- José Carlos García Taibo, representante do PS de G – PSOE
- María Carmen González Monteiro, representante do PP
- Xavier Balsas Barbeiro, representante de BNG
- Eduardo Rodríguez Loureiro, representante das asociacións veciñais
- Manuel Davila García, representante das asociacións veciñais
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións culturais
- Manuel Carballido Castro, representante das asociacións veciñais
- Mario Domínguez Estévez, representante das asociacións deportivas
- Antonio Balado Barciela, representante das asociacións deportivas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- **Aprobación da acta anterior**

A acta da xuntanza de data 23 de decembro de 2014 queda aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Xavier Balsas Barbeiro por non ter asistido á devandita xuntanza.



CONCELLO DE REDONDELA

2.- Orzamentos participativos 2014

Eduardo Rodríguez Loureiro informa que mantiveron unha xuntanza cos distintos colectivos da parroquia e decidiuse dar prioridade á obra das cunetas no camiño de Pedro Morto, xa que estalle entrando auga ás propiedades das/os veciñas/os. Pódese aproveitar para darlle ao muro para atrás e facer unha cuneta na curva.

Edesio Crespo Loureiro di que xa se falou anteriormente de darlle para atrás ao muro ata a columna.

O Presidente informa que os técnicos municipais esixirán un retranqueo de catro metros do eixe da estrada.

María del Carmen González Monteiro di que se o veciño ten que retirar non vai estar de acordo, polo que propón que se descarte a opción de darlle para atrás ao muro.

O Presidente di que o mellor para facer nesa obra é recoller a auga cara o rego de abaixo, porque xa hai tubería.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que a auga a metían polo tubo. Edesio Crespo Loureiro e Manuel Carballido Castro din que non pode ser, xa que as fincas están máis altas que a estrada.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que houbo zonas nas que se meteu terra e na zona alta deixaban a auga. Poderíase poñer un tubo dende arriba para coller a auga ata a zona onde hai un pilar.

Edesio Crespo Loureiro di que hai un ou dous anos asfaltaron, sacaron terra e non hai ningún tubo. Esta é unha zona de fincas onde hai un paso de servidume para dar paso dunhas fincas a outras, polo que as augas teñen que ir por fincas privadas.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que nese camiño coa anterior corporación meteron as máquinas, pero non puideron asfaltar porque algunhas/úns veciñas/os non dixeran que non.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente di que se vai a estudar o problema para que non lle entre auga nas propiedades das/os veciñas/os.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que unha boa solución sería baixar o tubo e facer un cuneta ata abaixo.

O Presidente di que agora hai un conduto que baixa e non da tragado e se o traes para abaixo vai dar ao mesmo sitio e non se vai a solucionar nada. A solución sería metelo por arriba falando coas/os veciñas/os e así non habería problema.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que outras obras para os orzamentos participativos serían as que quedaron pendentes do ano anterior. Son os puntos de luz. Un no camiño Xacobeo, dous en Pica Morena e un no camiño da Quinta.

Por unanimidade das/os membros presentes apróbanse as seguintes obras para realizar cos orzamentos participativos 2014:

- Canalización no camiño de Pedro Morto
- Puntos de luz en: 1 no camiño Xacobeo, 2 en Pica Morena e 1 no camiño da Quinta.

3.- Información do saneamento de Fixón

A obra está practicamente contratada, farase neste ano e vai dende o muíño ata cerca do aeroporto.

Mario Domínguez Estévez pregunta se pasa pola de Taibo. O Presidente di que esa era unha mellora presentada por unha empresa que desapareceu, polo que non se fixo nada. Nesa zona hai un problema, xa que algún veciño non deixa pasar o tubo porque di que o camiño é privado. No inventario municipal figura unha parte como pública e outra como privada.

Marío Domínguez Estévez di que sería conveniente meter o tubo da auga tamén, porque senon cando estea a obra feita haberá que romper a estrada para poñelo.



CONCELLO DE REDONDELA

Eduardo Rodríguez Loureiro di que ese tema tratouse nunha xuntanza á que a comunidade de augas non asistiu. E que esa obra non a pode facer a comunidade por falta de cartos.

O Presidente informa que o Concello non pode pasar o tubo da auga porque é da comunidade de augas.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta polo saneamento do camiño do Escribano. O Presidente informa que non hai orzamento para executar o proxecto. Éste xa está feito, pero como este ano non está contemplado orzamento para investimentos, só se fan obras con cargo ao remanente do ano anterior.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se se solicitou algunha subvención para realizar esta obra. O Presidente di que haberá que esperar por algunha obra da Xunta ou da Deputación para metela.

José Carlos García Taibo pregunta polo saneamento do camiño de Pedro Morto. O Presidente di que está incluído no saneamento do camiño do Escribano, que inclúe toda a zona.

Edesio Crespo Loureiro di que hai catro casas no cruce que non teñen onde enganchar. O Presidente di que habería que facer un pequeno proxecto para incluír a esas vivendas, que o podería facer cos técnicos do Concello.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se están contemplados novos proxectos. O Presidente informa que o de máis envergadura que queda pendente é o de Millarada e logo queda tamén o da Chousa. Os outros trozos pequenos faranse con proxectos do Concello pouco a pouco.

Eduardo Rodríguez Loureiro di que non hai avances. O Presidente informa que se vai a facer a zona de Fixón e algúns trozos pequenos na zona de Chan das Pipas.

Xavier Balsas Barbeiro pregunta que criterios se seguen para priorizar, xa que en parques e xardíns gastáronse 200.000 euros, que se gastan cartos en obras que non son de estrutura básica como é o caso do saneamento. O Presidente di se fixeron os parques coa axuda da Deputación, neste ano investíronse máis



CONCELLO DE REDONDELA

de un millón de euros en saneamento. Que se dixo que había un 95% do saneamento instalado en Redondela cando non era a verdade.

4.- Información da obra no Galleiro

O Presidente informa que houbo unha xuntanza coa asociación de veciños para o peche e humanización da zona do Galleiro, xa que se necesita que as/os veciñas/os cedan e foi a asociación de veciños a que foi a falar coas/os veciñas/os afectadas/os. Parece ser que houbo un malentendido e quedouse de falar co enxeñeiro da Deputación para meter tres pedras e que quede metro e medio de muro con postes para que cada veciña/o peche co valado que queira, xa que o orzamento é de 50.000 euros e poñendo as pedras a metro e medio non da para poñer o valado.

5.- Rogos e preguntas

Manuel Davila García pregunta se a obra vaise seguir arriba do campo ou non, porque se comenzou a obra no medio.

O Presidente informa que nesta fase non e que a obra faise na zona que é máis necesaria.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta como queda esa zona para poder edificar ou facer algunha obra. O Presidente informa que cando se fan esa clase de obras nunha zona o solo pasa a clasificarse como urbano, polo que os retranqueos son dende o muro.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se vai ser considerada urbanización pechada ou aberta. O Presidente di que se inclúe dentro do polígono de Cartas.

Eduardo Rodríguez Loureiro pregunta se o Concello pode entregar ás/aos veciñas/os un documento do terreo que ceden para que poidan reclamar non pagar por eses metros na contribución. O Presidente di que habería que falar co catastro para ver como se pode facer.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos da data fixada no



CONCELLO DE REDONDELA

encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que,
como Secretaria do Consello, DOU FE.